



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO CONCELLO PLENO DO 31.10.2014

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene, A Coruña, cando son as 08.40 h. do 31.10.2014 e baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do concello ao obxecto de realizar sesión extraordinaria urxente.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Alejandro Dopico Rodríguez, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Antón Lois Noceda Carballo, Amalia García Balado, María Carmen Silvar Canosa, José Antonio López Rodríguez, Juventino José Trigo Rey, Rita María Couto Seijido, Manuel Polo Gundín, Inés Roca Requeijo, Justo Martínez Ardá e María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asiste:

Iván Puentes Rivera

Secretario accidental:

Fernando Aradas García

Interventora municipal:

Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que a este Pleno chégase logo de que sucederan cousas que merecen algunha explicación e pensa que a urxencia merece unha explicación por parte de quen presenta isto.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que a urxencia ven xustificada por ter que executar o proxecto canto antes como consecuencia dos prazos impostos pola subvención na que se incluíu. A licitación do proxecto correspóndelle a Cabanas e, se é o caso de non o aprobar, é moi posible que se perda dita subvención.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que logo de escoitar ao concelleiro de Facenda é necesario ampliar a información porque isto é parte da verdade pero non toda, xa que hai meses que se solicitou esta axuda e polo tanto tiña que ter a previsión de ter os permisos, informes e demais trámites que se tiñan que facer e que ben se puideron ter feito antes, e non chegar a este Pleno. A situación é que chamounos o venres da semana pasada para dicirlles que se ía incluír o proxecto na orde do día da Comisión Informativa de Facenda. O luns, logo de dicirle que o seu grupo dificilmente ía apoiar proxectos sen ver a documentación pero que, se fixera falla, absteríanse, o proxecto non se presenta na Comisión e volveu chamalos para dicirlles que se lle esqueceu. Na Comisión do martes, sen volver falar con eles e sabendo a súa postura, vólvese presentar o proxecto por urxencia sen poder incluílo. Finalmente, chégase a este Pleno extraordinario logo de que durante meses non fose quen de facer o traballo e incumprindo, unha vez máis, un mínimo de cortesía cos grupos da oposición para poder aprobar o proxecto. Dille ao concelleiro de Facenda que a todos esquécenselles cousas, pero que el ten unha responsabilidade política e estes feitos debían ter unha responsabilidade. Dille que hoxe esperaba outro tipo de explicación. En calquera caso o PSOE vaise comportar responsablemente e, nesta tramitación impresentable, vai facilitar que a obra saia adiante co mínimo imprescindible e co máximo reproche aos métodos de traballo que está a utilizar o goberno. A responsabilidade que ten agora o grupo socialista podíana ter en conta o grupo de goberno con aptitudes máis democráticas porque cansa cousas como que se tarde un minuto en fotocopiar determinada documentación cando a solicitude está dende o luns no despacho do alcalde sen que se tramitase nada.



A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que logo de ver a subvención está presentada dende hai tempo e logo de darlle moitas voltas ao proxecto vese que agora hai que aprobar o proxecto a presas e correndo. Anuncia que o seu grupo vaise abster para que se poida aprobar e apela á responsabilidade do grupo de goberno para que estas cousas se poidan facer cuns prazos axeitados para o estudo dos proxectos, pois o informe de secretaría tamén reprocha que falten cousas que ben podían estar feitas.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que comparte o dito polo PSOE e o BNG, e nesa liña anuncia a abstención.

Sometida a urxencia da sesión a votación foi aprobada por maioría simple logo de obter 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 10 abstencións, (4 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal).

2. Aprobación, se procede, do proxecto de Mellora de infraestruturas viarias de acceso ao Polígono Industrial de Vilar do Colo

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía do 28.10.2014, que copiada di:

“ASUNTO: APROBACIÓN DE PROXECTO DE MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DE ACCESO O POLIGONO INDUSTRIAL DE VILAR DO COLO.

O proxecto de obra “mellora de infraestruturas viarias de acceso ó Polígono Vilar do Colo” foi elaborado por Francisco Barea Paz – Barefar Ingenieira, enxeñeiro de camiños, Canles e portos con data de agosto de 2014 e presentado neste Concello o 24.10.2014.

Consta no Expediente o Informe técnico do Enxeñeiro de camiños municipal de data 24.10.2014

Consta no Expediente Informe de Secretaria de data 24.10.14, no que conclúe “*Tendo en conta o sinalado, infórmase desfavorablemente a aprobación do PROXECTO DE MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DE ACCESO O POLIGONO INDUSTRIAL DE VILAR DO COLO (no que se refire exclusivamente ó termo municipal de Fener) mentres non consten no expediente as autorizacións sectoriais preceptivas (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras como titular da vía VG-1.2 e Consellería de Cultura pola proximidade do camiño Inglés).*”

Á vista de que o pleno é competente para a aprobación do presente proxecto, en base ao artigo 22.2 ñ) LBRL, ao non estar previsto no orzamento municipal, propoño ao pleno municipal á adopción do seguinte ACORDO:

Aprobar o proxecto de mellora de infraestruturas viarias de acceso ó Polígono industrial de Vilar do Colo, elaborado por Francisco Barea Paz de Barefa Ingeniería e presentado no Concello de Fene o 24.10.2014, no referido ó ámbito do termo municipal de Fene.

Fene, 28 de outubro de 2014
O alcalde
Gumersindo P. Galego Feal”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o partido socialista considera que a obra é necesaria para os veciños pois ven facilitar as comunicacións con Fene. O expediente ten aínda algúns informes pendentes de incorporar, motivo polo que se van abster e tamén porque molesta o método de tramitación da obra.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que se absterán para favorecer a aprobación do proxecto e insiste en que este tipo de traballos tiña que estar completado moito antes.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal que di que se vai abster para facilitar a súa aprobación.



Sometido o asunto a votación foi aprobada por maioría simple logo de obter 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 10 abstencións (4 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Primeiro. Aprobar o proxecto de mellora de infraestruturas viarias de acceso ao Polígono Industrial de Vilar do Colo, elaborado por Francisco Barea Paz, de Barefar Ingeniería, e presentado no Concello de Fene o 24.10.2014, no referido ao ámbito do termo municipal de Fene.

Antes de rematar a sesión o alcalde fai uso da palabra para facer unha matización respecto do dito polo voceiro do grupo municipal socialista e dille que onte envioulle un correo electrónico no que lle solicitou a copia dunha documentación que ten solicitada antes do Pleno, este Pleno convocouse onte con carácter de urxente e pensou que a documentación referida a precisarían antes do Pleno ordinario e non deste.

Ao non haber máis asuntos que tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 08.52 h., de todo o que como secretario dou fe.

O alcalde

O secretario accidental

Gumersindo Pedro Galego Feal

Fernando Aradas García